



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, María Consuelo
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Souto García, Raquel

DECANOS/DIRECTORES

Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Íñigo
García González, Silvia
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Fálagan Mota, Jorge
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián
Gómez Fariñas, Beatriz
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

González de Prado, Begoña
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cruz Freire, José Manuel
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Ruiz Hidalgo, Carmen
Soto Carballo, Jorge Genaro

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de marzo de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas do edificio Ernestina Otero.

Ás 10:00 h do día **29 de abril de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de marzo de 2019.

Apróbase a acta por asentimento, coas puntualizacións presentadas por D. Íñigo Cuiñas respecto das súas declaracións e correccións de erros:

- ✓ Páxina 8: o seu apelido aparece como Cuiña cando é Cuiñas.
- ✓ Páxina 8: A súa reflexión non ía polas "dificultades de facer o dobre grao polas diferenzas presentes entre os títulos", senón pola "oportunidade perdida de facer un grao en Enxeñaría Biomédica sen as restriccións que incorpora a orde CIN dos graos de Enxeñaría Técnica Industrial, que non ten aplicación na Biomédica pero que a Escola aplica para poder ser quen de impartir os dobres graos".
- ✓ Páxina 11: a denominación do centro que dirixe non é "Escola de Telecomunicacións" senón "Escola de Enxeñaría de Telecomunicación".
- ✓ Páxina 11: a solicitude de aportar información que se considera relevante de cara á votación na Escola foi feita por él e non por Alfredo González
- ✓ Páxina 11: outra vez, o seu apelido non ten o S final
- ✓ Páxina 12: non se queixou da sinalética prevista para Teleco, senón sobre os sinais que actualmente están instalados e que non sinalan a dirección da Escola mesmo en fronte dela.

2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa dos resultados dos programas de promoción de titulares, catedráticos/as e asociados. Asemade, sobre a tardanza nos pagamentos dos invitados e os graos en perigo por baixa matrícula, así como as solucións en marcha. Declara que séguese a negociar o asunto de robótica agroforestal e de bioquímica agroforestal: a Universidade de Vigo estaría disposta a acadar un novo acordo, sempre que favoreza á nosa institución. Expón o acordo acadado pola Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, que preside o Sr. reitor, de cara a montar unha titulación completamente en galego. Indica que celebrouse unha xornada sobre violencia de xénero na Facultade de Filoloxía e Tradución. Sinala a intención de erradicar o denominado "botellón" nos Campus da Universidade de Vigo, sen que iso

supoña renunciar á festa, así como os avances no marco do CISUG e a celebración do Consello Reitor do Campus do Mar. Informa sobre o debate que xurdiu no Consello Social de cara á creación dunha universidade privada en Galicia. Pensa que deberá tratarse no claustro a postura oficial da Universidade. Hai un acordo dos tres reitores do SUG para tratar este asunto no marco do CISUG. Agradece ao profesor Espada e ao seu equipo as bases para a creación do observatorio de persoas egresadas da Universidade de Vigo.

3. Aprobación, se procede, da proposta de medidas de acción positiva nas convocatorias propias de avaliación do PDI na Universidade de Vigo.

O Sr. reitor informa da proposta que xurdiu da área de igualdade, para favorecer ás investigadoras que se poden ver prexudicadas na súa actividade e, en xeral, para paliar os problemas que se poden presentar en situacións de conciliación. Non supón un custo adicional, sendo simbólica, aínda que os símbolos son importantes á hora de recoñecer o esforzo das mulleres.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2019/2020.

O Sr. secretario xeral expón o acordo acadado coas outras universidades do SUG de cara ao calendario. Destaca que o comezo das clases será na segunda semana de setembro, por indicación da Xunta, e que o día de San Tomé indicará o cambio de cuatrimestre.

Apróbase por asentimento.

5. Modificación, se procede, do artigo 5 da Normativa para a elección de decanos/as e directores/as de centro.

O Sr. secretario xeral indica que se modifica o artigo para baixar o límite necesario para que os centros teñan un cuarto vicedecano, a partir dos 801 alumnos.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do Regulamento da sede electrónica da Universidade de Vigo.

O Sr. secretario xeral expón o íter seguido para chegar a esta normativa, onde o principal aspecto é a creación da Comisión da Administración Electrónica, que será a encargada de propoñer a regulación ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo.

O Sr. secretario xeral expón as bases da normativa, esencialmente técnica, froito do traballo da Unidade de Análise e Programas, destinada a establecer o marco normativo da caixa de queixas, suxestións e parabéns.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das normas provisionais de cambio de adscrición de campus na Universidade de Vigo.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón a necesidade de aprobar esta normativa para regular a mobilidade do PDI no conxunto da Universidade de Vigo. O retraso debeuse ao retraso na entrada en vigor dos Estatutos, malia que é necesario responder ás peticións en curso, polo que estas normas teñen carácter provisorio. Indica cales son os criterios que se manexan, incluídos no texto que foi acompañado a esta convocatoria. Intervén Begoña González para solicitar a retirada do punto, solicitando que pase por mesa de negociación. O Sr. vicerreitor sinala que non é necesario ao tratarse de normas provisionais. O Sr. reitor comprométese, en todo caso, a levar esta normativa á seguinte mesa de negociación.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da composición de catro comisións dos grupos de traballo para o mantemento do selo HR.

A Sra. vicerreitora de Investigación expón unha presentación sobre o selo HRS4R Excellence Research, e a necesidade da súa implantación na Universidade de Vigo. Explica as distintas etapas, sinalando que estamos no momento da implantación do selo, e os aspectos organizativos da fase na que nos atopamos. Expón cal é o comité de pilotaxe do selo. Indica cal é o procedemento a seguir, a través dunha plataforma informática. Conclúe falando da importancia do selo de excelencia (SoE) e informando dun curso que terá lugar o 7-8 de maio sobre este asunto. Menciona o documento facilitado coa composición das comisións.

Apróbase por asentimento a composición das catro comisións.

10. Aprobación se procede da convocatoria de axudas á investigación da Universidade de Vigo.

A Sra. vicerreitora de Investigación aclara que se trata de dous tipo de axudas:

Axudas propias para mobilidade de persoal e axudas propias a grupos e centros de investigación (as bolsas predoutorais e bolsas de outro tipo saíran máis adiante). Sinala as novidades principais das axudas de mobilidade de persoal (entre outras, que se pedirán a través do SUXI e certos matices no baremo de puntuación do curriculum) e das axudas a grupos de investigación (respecto dos solicitantes). Aclara tamén as liñas que se seguirán respecto das bolsas predoutorais. Todos os aspectos foron aprobados pola Comisión de Investigación. Conclúe informando de que vaise organizar un curso para todos os proxectos europeos.

Apróbanse por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na spin-off Ancora, xurdida tralo financiamento do programa Ignicia.

A Sra. vicerreitora de Transferencia aclara que o promotor foi o profesor Felipe Gil e que conta co visto bo da OTRI e do Consello Social, solicitando a participación da Universidade de Vigo cun 5% (2.500 euros).

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da proposta de parámetros de ponderación de materias para as ABAU 2019.

A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria lembra o acordo acadado sobre o procedemento de admisión de alumnado, do que forma parte este punto. Está consensuado polas tres universidades do SUG e non hai grandes cambios respecto do curso pasado.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración para o desenvolvemento de programas de voluntariado, así como o seu modelo de addenda-anexo ao convenio.

A Sra. vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación fala da importancia do voluntariado e sinala as liñas principais do convenio presentado, do que carecía a Universidade, que está acompañado dun anexo.

Apróbase por asentimento.

14. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno.

Investigación: 1 estudante

O Sr. reitor aclara que non se presentaron candidaturas polo que non hai que celebrar eleccións.

15. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

O Sr. reitor aclara que non se presentaron candidaturas polo que non hai que celebrar eleccións.

16. Elección dos seguintes membros de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

O Sr. reitor aclara que non se presentaron candidaturas polo que non hai que celebrar eleccións.

17. Rogos e preguntas.

O Sr. Luis Pérez pregunta polo peche dos centros en vacacións. A Sra. xerenta aclara que a instrución está próxima a aprobarse, probablemente na semana seguinte. O Sr. Luis Pérez insiste porque entende que o 30 de abril era unha data límite para presentar estes asuntos ao Consello e por iso pregunta, xa que as vacacións serán antes que os peches o que pode provocar problemas derivados diso. A Sra. xerenta desculpa o retraso.

A Sra. Susana Reboreda pregunta polos patrocinios dos clubs deportivos, que están parados por un problema de control interno. Aclara a cuestión ante a pregunta da xerenta, xa que os convenios están sen asinar. O Sr. reitor aclara que se está a buscar unha solución ao problema, falando con control interno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:15 h do día 29 de abril de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral